Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 30 Xullo 2015 10:20



Trátase dunha selección de máis de 70 noticias da colección persoal de Carlos Gómez, composta por centos de artigos en prensa ordenados cronoloxicamente. A escolma informativa permite un percorrido entre finais do século XIX e todo o século XX coa cobertura dos principais sucesos acontecidos na parroquia de Chandebrito. As noticias escollidas publicáronse entre o ano 1898 e o 1999 en 9 periódicos diferentes do país, 26 delas son anteriores a 1976.

A exposición pódese visitar de xeito gratuíto e guiado na escola infantil (Rúa da Igrexa, núm. 2) os martes de 20.00 a 21.00 h., e tamén os sábados pola tarde concertando cita previamente no teléfono 667380223 ou no correo-e chandebrito1807@gmail.com .